



centenario

1922
2022

Avance da programación
do centenario do
nacemento de María
Casares (1922-2022)



XUNTA
DE GALICIA

1. Introducción

Nada na Coruña en 1922, María Casares foi unha actriz de teatro e de cinema que triunfou no seu exilio en Francia onde residiu a partir de 1936. Protagonizou varias obras escritas por Albert Camus e representou obras de Sartre, Jean Anouilh, Jean Cocteau, Jean Genet e Paul Claudel. En 1996, María Casares aceptou que os premios de teatro de Galicia levasen o seu nome, mais faleceu antes de que puidese celebrarse a primeira edición.

María Victoria Casares Pérez naceu na Coruña o 21 de novembro de 1922 e finou en Alloue (Francia) o 22 de novembro de 1996.

Foi unha actriz galega que triunfou en Francia, onde residía como exiliada por ser filla de Santiago Casares Quiroga, que fora ministro da 2ª República Española durante o goberno de Azaña.

No seus primeiros anos como actriz desenvolveu unha intensa actividade no mundo do cinema. Só entre 1945 e 1951 participou nunha ducia de títulos, varios deles convertidos hoxe en día en clásicos da historia do cine: desde unha das películas máis populares da Francia da posguerra, "Les enfants du Paradis" (Marcel Carné, 1945), a producións de gran prestixio como "Les dames du Bois de Boulogne" (Robert Bresson, 1945); ou poñendo voz á curtametraxe Guernica (Alain Resnais, 1951). Nestas películas, o Dicionario do Cine Iberoamericano (SGAE, Fundación Autor, 2011) afirma: "Casares é capaz de converter a súa profunda dor e desgarramento vital en creativa materia prima para dar forma a papeis no que, malia as súas indiscutibles diferenzas, semella latir idéntica melancolía, similar dor do desexo, ben se escorre este cara á acción e a vinganza, ben cara á forzosa pasividade ou o xeneroso desprendemento final".



María Casares nun carriño de bebé (ARG)



Santiago Casares Quiroga, pai de María Casares

A partir de 1949, a súa carreira foise centrando no teatro. Entra na Comédie Française e cinco anos máis tarde no Teatro Nacional Popular, un proxecto teatral concibido como servizo público. Ademais, foi unha das impulsoras do Festival de Aviñón.

Participou en xiras por todo o mundo, aparecendo en grandes clásicos do teatro francés. En 1957 realizou unha xira co Teatro Nacional Popular por Sudamérica, durante a cal foi homenaxeada polos exiliados galegos (como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Luis Seoane, Laxeiro etc.).

Foi nomeada Filla Predilecta polo Concello da Coruña en 1984, recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes de España en 1988, e ese mesmo ano recibiu a Medalla Castelao da Xunta de Galicia.



Bos Aires. Xuño 1962 (IMEC)

2. Avance da programación

A Xunta de Galicia conmemorará o vindeiro ano o centenario do nacemento de María Casares cunha programación diversificada e plural que incluírá proxectos vinculados á escena, ao audiovisual, á arte, así como do eido editorial. Entre os obxectivos estará o de crear un proxecto ligado a teatro, da man do Centro Dramático Galego, coa colaboración de diferentes institucións, tanto de Galicia como doutros territorios, para favorecer a visibilidade internacional da artista coruñesa.

Con esta programación o Goberno autonómico quere promover o traballo de María Casares tanto dentro como fóra da Comunidade, e afondar no seu legado. A continuación, algunhas das actividades programadas:

- ✓ Creación dun espazo dixital na web de cultura.gal.
.....
- ✓ Diferentes proxectos culturais (expositivos, actividades, conferencias) que afonden nas dimensións do periplo familiar e profesional de María Casares no seu contexto vital.
.....
- ✓ Achegas á súa figura desde o ámbito audiovisual.
.....
- ✓ Publicacións que presenten novas reflexións sobre a artista coruñesa.
.....
- ✓ Producións propias, coproducións e colaboracións con entidades galegas, nacionais e internacionais.
.....
- ✓ Apoio especial aos Premios María Casares 2022 á produción escénica de Galicia.

3. Espazo dixital sobre María Casares na web de Cultura.gal

Creación e posta en produción dun espazo dixital que divulgará a programación cultural e as iniciativas que conmemoran o centenario do nacemento de María Casares, aloxado no dominio cultura.gal.




DATA DE POSTA EN LIÑA

Decembro de 2021



WEB

<https://cultura.gal/>



4. Exposicións

4.1. "Os mundos de María Casares"

A Xunta de Galicia vai producir unha exposición itinerante de rúa que levará a figura de María Casares a diferentes espazos urbanos de Galicia, nun proxecto que ten como finalidade...

- ✓ Afondar nas súas vivencias persoais, familiares e profesionais;
- ✓ Divulgar a súa figura e o seu labor no teatro, no cinema e na cultura en xeral;
- ✓ Contextualizar a súa significación no exilio tras a Guerra Civil española;
- ✓ E poñer en valor a súa actividade en prol da visibilidade da actividade das mulleres creadoras.

Comisaria:

Arancha Estévez.

Colaboran:

Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

Biblioteca de Galicia .

Bibliotecas Centrais Territoriais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela.



DATAS

A partir de abril de 2022



LUGARES

Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, Ferrol, Ourense e Lugo

4.2. "María Casares, residente privilexiada"

A exposición bibliográfica "María Casares, residente privilexiada" trata de reconstruír con libros, fotografías, artigos de prensa, películas, documentais, etc., a vida de María Casares e a súa contorna familiar.

Constará de dúas partes: "Familia Casares Quiroga" e "A súa vida en Francia. A súa carreira profesional no cine, teatro María Casares".

Coordina:

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés.



DATAS

De febreiro a novembro de 2022



LUGAR

Salas da Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés



5. Artes escénicas

5.1. "Continente María"

"Continente María" é unha coprodución entre o Centro Dramático Galego e Ainé Producións, coa dramaturxia de Marianella Morena, baixo a dirección de Tito Asorey; e coa actriz protagonista Melania Cruz acompañada no escenario por Vadim Yikhnevich.

A través deste proxecto escénico quérese recuperar e homenaxear a figura de María Casares, achegándoa a un público amplo, á vez que se utiliza para falar da propia condición de artistas nun mundo en continuo cambio, analizando escenicamente as contradicións como país e sociedade.

Preséntase como un continente que ansía percorrer, establecendo unha cartografía emocional a partir das súas vivencias, pensamentos e recordos, viaxando a través dun diálogo entre o presente e o pasado para tratar de entender mellor como seres humanos, creadores e habitantes dun mundo no que non hai tantos anos, os exiliados eran os propios españois.

Colaboran:

Centro Dramático Galego.

Ainé Producións.



DATAS

A partir de abril de 2022



LUGARES

Estrea no Teatro Rosalía de Castro (A Coruña)

Salón Teatro en Santiago de Compostela

5.2. “Política sentimental. O encontro necesario entre María Casares e Albert Camus”

O espectáculo escénico “Política sentimental. O encontro necesario entre María Casares e Albert Camus” é do autor Javier Villán baixo a dirección de David de Loaysa, e o reparto de Sabela Hermida como María Casares e Germán Torres como Albert Camus.

No medio do período histórico que transcorre durante a ocupación nazi do territorio francés a partir do ano 1940, prodúcese o encontro de dúas grandes personalidades do panorama cultural da época. Os anos 40 son o auxe e colofón das vangardas europeas. Albert Camus, un dos mais notables representantes do existencialismo francés, conflúe coa actriz galega e filla dun dos maiores expoñentes da Segunda República de España (Casares Quiroga). O exilio precipita a María Casares ao encontro coa resistencia francesa e a vangarda artística do momento, que a consideran icona e musa na que plasmar as súas obras. Ao asumir María Casares o papel protagonista na obra “O Malentendido” no ano 1944, marca o inicio dunha prolífica e intensa relación persoal e profesional entre ambos os protagonistas, que se prolongará ata o falecemento do autor en 1960.

Contará cunha versión bilingüe galego/castelán.

Estrea en:

Santiago de Compostela

Colaboran:

David de Loaysa, Javier Villán, Sabela Hermida e Germán Torres.



DATAS

Marzo de 2022



ITINERARIOS

4 localidades de Galicia

5.3. "María Casares en Escenas do Cambio"

O Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción da Cidade da Cultura, "Escenas do cambio", dedica a súa oitava edición a María Casares. A súa vertente artística de recoñecido prestixio internacional e o xeito único de abordar as personaxes na súa interpretación, seguen a ser un estímulo de inspiración hoxe en día.

"Escenas do Cambio" quere compartir unha homenaxe á actriz da Coruña, presentando unha peza de nova creación que se inspira nela, interpretada por mulleres.

Mais información:

<https://escenasdocambio.org/>



DATAS

5, 6, 7 e 8 de maio 2022



LUGAR

Cidade da Cultura de Galicia



Portada de L'Ecran. Centro Galego de Artes da Imaxe

6. Audiovisuais

6.1. “María Casares na Filмотeca de Galicia”

O ciclo audiovisual sobre María Casares na Filмотeca de Galicia desenvolverase entre os meses de xuño a novembro de 2022, coa finalidade de dar a coñecer o panorama biográfico e persoal de María Casares no ámbito audiovisual.

Aínda que foi sobre todo unha actriz de teatro, iso non lle impediu desenvolver unha intensa actividade no mundo do cinema. Só entre 1945 e 1951 participou nunha ducia de títulos, varios convertidos hoxe en día en clásicos indiscutibles da historia do cinema: *Les enfants du Paradis* (Marcel Carné, 1945), *Les dames du Bois de Boulogne* (Robert Bresson, 1945), *La Chartreuse de Parme* (Christian Jacque, 1947) ou *Orphée* (Jean Cocteau, 1950). Despois de 1951 a súa carreira cinematográfica foise espaciando, regresando a mediados dos oitenta e culminando co seu pequeno papel en *La otra América* (Goran Paskaljevic, 1995). Todos estes títulos constituirán o eixo dun ciclo que abarcará tamén outras dúas vertentes menos coñecidas.

Por unha banda, coa proxección dunha serie de documentais e programas para televisión nos que a propia María Casares trata a súa biografía: desde *Les deux mémoires* (Jorge Semprún, 1974) ata o documental previsto de Agallas Films, *María Casares: a muller que viviu mil vidas*, dirixido por Xabier Villaverde. E por outra banda, este ciclo permitirá recuperar algunhas das interpretacións teatrais máis lembradas e que, no seu día, foron gravadas e emitidas pola televisión francesa ou arxentina (*Macbeth*, de 1959 ou *Yerma*, de 1963).

Colabora:

Filмотeca de Galicia.

	DATAS	Xuño a novembro 2022
	LUGAR	Filмотeca de Galicia

6.2. Documental “Vitola. Actriz universal”

Documental sobre María Casares da produtora Manarte Producións. Unha viaxe polo percorrido vital e artístico da actriz con "paradas" en lugares referentes para ela e con persoeiros destacados do panorama intelectual e artístico que tiveron ocasión de coñecela.

Estrea en:

Santiago de Compostela.

Colabora:

Manarte Producións.



DATAS

Xuño de 2022



ITINERANCIAS

Salas de cine de Galicia

6.3. Documental “María Casares: a muller que viviu mil vidas”

O documental sobre María Casares da produtora galega Agallas Films. “María Casares: A muller que viviu mil vidas”, dirixido por Xabier Villaverde, propón unha aproximación íntima e profunda á vida da actriz extraordinaria; unha homenaxe desde a súa Galicia natal, á que nunca esqueceu, no primeiro centenario do seu nacemento, a unha figura cegadora, magnética e fundamental nas artes escénicas da Europa do século XX.

Estrea en:

A Coruña

Colaboran:

Agallas Films.

Corporación Radio e Televisión de Galicia, CRTVG.



DATAS

A partir do 22 de novembro de 2022



ITINERANCIAS

Galicia, Madrid e Barcelona

6.4. "María Casares: voces para un centenario"

O proxecto "María Casares: Voces para un centenario", da AAAG, contempla dúas pezas audiovisuais baixo os títulos: "María Casares: Dende Aviñón aos escenarios galegos" e "María Casares: O conflito das patrias".

A gravación audiovisual terá lugar en catro localizacións da área da Coruña, dúas por peza: A Casa-Museo Casares Quiroga e a Fabrica de Tabacos da Coruña, e o Pazo do Río e a Praia de Bastiagueiro no concello de Oleiros.

Colabora:

Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

Estrea:

A Coruña



DATAS

Febreiro de 2022

6.5 Pezas creativas para emitir na TVG

Realización de cinco pezas audiovisuais sobre María Casares de Algarabía Animación para divulgar a figura de María Casares na Televisión de Galicia (TVG).

Colaboran:

Algarabía Animación.

Corporación Radio e Televisión de Galicia, CRTVG.

Estrea:

Febreiro 2022.

7. Ciclo de conferencias

7.1. "María Casares: do exilio ao escenario"

O ciclo de conferencias "María Casares: do exilio ao escenario" consiste en encontros abertos ao público con personalidades relevantes do mundo das artes e da cultura que coñeceron, desde a proximidade, o traballo de María Casares.

Figuras de primeiro nivel ofrecerán o seu testemuño, experiencia e memoria sobre a actriz. Entre os cales estarán Jorge Lavelli, Tina Sainz, Josep María Flotats, Anne Plantagenet, Lluís Pascual, Johanna Silberstein, etc.

Colabora:

Carlota Ojea.

 DATAS	Xaneiro a novembro de 2022
 LUGAR	A Coruña

7.2. "A difusión internacional de María Casares"

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Biblioteca Nacional de España, realizará un ciclo de actividades para aproximarnos á figura de María Casares na súa dimensión de creadora internacional a través dun programa de conferencias e charlas.

Colabora:

Biblioteca Nacional de España.

 DATAS	Maio – Xuño 2022
 LUGAR	Biblioteca Nacional de España

8. Libro: “María Casares a través do espello. Legado filosófico artístico dunha galega universal”

Trátase dunha retrospectiva moi detallada da súa evolución artística, da súa carreira teatral e da súa concepción dramática e método interpretativo, fortemente influenciado pola filosofía existencialista, pero tamén é a mostra da grandísima dimensión intelectual da actriz, que se converteu en referente e icona das vangardas da época, dos artistas e intelectuais máis destacados incluída a galegidade exiliada en Sudamérica.

Autora:

Sabela Hermida, actriz de cine, televisión e teatro.

Edita:

Edicións Xerais de Galicia.

Xunta de Galicia.

9. Edición especial dos Premios María Casares

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) a fin de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral.

A gala de entrega dos Premios María Casares celébrase no Teatro Rosalía de Castro da Coruña en datas próximas ao Día do Teatro, que se celebra o 27 de marzo.

Colabora:

Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

 DATA	Próxima ao Día do Teatro (27 de marzo de 2022)
 LUGAR	Teatro Rosalía de Castro da Coruña

10. Proxecto de difusión de María Casares coa Embaixada de Francia

María Casares triunfou no seu exilio en Francia onde residiu, como actriz de teatro e cinema. Este proxecto pretende achegar ao público francés a pegada galega e española deste referente da cultura internacional.

Colaboran:

Embaixada de Francia.

Instituto de Cervantes.



DATAS

Maio de 2022



LUGAR

Instituto de Cervantes



A actualización da programación estará accesible na páxina web www.cultura.gal e está suxeita á situación sanitaria, de maneira que pode sufrir modificacións, das que se informarán en dita páxina.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22